

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE SETEMBRO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1308/2015.- BREIXO OBRAS E SERVIZOS S. L.- Conceder a licenza para a instalación dunha grúa torre desmontable en Praza Belvís (de), 5

LIC/126/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación para adecuación funcional en materia de accesibilidade en rúa Ramón Cabanillas (de), 17-19.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación dunha grúa torre desmontable en praza Belvís (de), 5. (LIC/1308/2015).

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES)

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación para adecuación funcional en materia de accesibilidade en rúa Ramón Cabanillas (de), 17-19. (LIC/126/2015).

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES)

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desconsignación e pagamento das cantidades relativas ás parcelas 148-5 e 148-6 do proxecto técnico de expropiación para a execución do Xardín Botánico (1ª fase).

Acórdase ordenar a desconsignación parcial e pago das cantidades relativas ás devanditas parcelas, depositadas polos prezos xustos e xuros das mesmas, por importes de 40.186,65; 115.818,71; 16.110,68 e 82.951,46 euros.

5.- Proposta da alcaldía relativa á designación de representantes políticos do Concello de Santiago nos órganos da Rede de Dinamización Lingüística.

Desígnase ao alcalde como titular e á concelleira de Mocidade como suplente.

6 a 44.- Propostas da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais nos impostos do lixo; de vehículos de tracción mecánica; de construcións, instalacións e obras; e nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, polo saneamento e depuración de augas residuais e pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

45.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao rexeitamento de recurso de reposición interposto contra acordo de data 12.02.2015.

Rexéitase un recurso pola denegación dunha bonificación do 30% no imposto sobre construcións, instalacións e obras, por terse presentada a solicitude fóra de prazo.

46.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á rectificación de erro en acordo de data 14.08.2015.

Procédese á corrección dun erro material relativo ao período impositivo no que se concede a un solicitante unha exención do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

47.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense 18 exencións.

48.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

Apróbase o aboamento de 36.714,34 euros por horas extraordinarias e de 726,82 euros do plus de transporte, coas súas conseguíntes cotizacións sociais.

49.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva dos solos urbanizables delimitados sen instrumento de desenvolvemento aprobado.

Acórdase solicitar á Xerencia Rexional do Catastro de Galicia o inicio do devandito procedemento e dar traslado desta solicitude ao Servizo de Planeamento para que elabore a documentación deste solos segundo os soportes que estableza a Xerencia.

50.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denuncia do convenio fiscal coa empresa R Cable y Telecomunicaciones Galicia SA.

Acórdase denunciar o devandito convenio, asinado o 2/8/2000, con efectos dende o 1/1/2016, e notificar o acordo á empresa.

51.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denuncia do convenio fiscal coa empresa Gas Galicia Sociedad para el Desarrollo del Gas SA.

Acórdase denunciar o devandito convenio, asinado en febreiro de 2003 e con efectos dende o 1/1/2016, e notificar o acordo á empresa.

52.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á delimitación dunha zona verde de aparcamento de residentes na rúa Otero Pedraio.

Acórdase ampliar as zonas de residentes á rúa Otero Pedraio, que quedará engadida á relación incluída na ordenanza reguladora de zonas de residentes por razón de domicilio en zonas non reguladas.. Deste acordo darase conta á Asociación de Veciños Otero Pedraio e á concesionaria Setex Aparkisa.

53.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á renuncia do uso en precario do piso situado na rúa Roma nº 5-1º A pola Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela".

Apróbase a devandita renuncia.

54.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á denuncia do contrato de cesión do uso en precario do piso situado na rúa Roma nº 5-2º D e do almacén e praza de garaxe anexos ao mesmo pola Entidade "Red Madre Coruña".

Apróbase a devandita denuncia, dando por rematado a vixencia do mesmo.

55.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde para dar conta do ingreso final efectuado pola FEGAMP correspondente ao 50,4% da subvención asinada ao Convenio para a realización de programas de atención e protección da saúde asinado o 3.12.2014.

Dáse conta do ingreso de 268.194,41 euros, correspondentes ao pago final do devandito convenio.

56.- Rectificación de erro e reaxuste de anualidades no importe de adxudicación das obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal.

Rectifícase o erro e reaxústanse as anualidades, que quedan do seguinte xeito: 563.843,18 euros na anualidade 2015 e 563.843,17 euros na anualidade 2016.

57.- Rectificación de erro e reaxuste de anualidades no importe de adxudicación dos servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela.

Rectifícase o erro e reaxústanse as anualidades, que quedan do seguinte xeito: 149.584,72 euros na anualidade 2015, 512.861,91 euros na anualidade 2016 e 363.277,19 euros na anualidade 2017.

58.- Inicio do expediente de contratación da subministración "equipamento de mobiliario para o novo Local Sociocultural do Romoño".

Iniciase o devandito expediente de contratación, por importe de 34.984,97 euros.

59.- Inicio do expediente de contratación "Roza de viais municipais - Campaña outono 2015."

Iníciase o devandito expediente de contratación, por importe de 71.632 euros.

60.- Recoñecemento extraxudicial de crédito.

Apróbanse varios recoñecementos extraxudiciais por servizos efectivamente prestados.

61.- Recoñecemento de obrigas ao abeiro do artigo 19.8 das bases de execución do orzamento.

Acórdase un recoñecemento de obrigas relativo ás obras de acondicionamento e mellora das pistas municipais.

62.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación das bases da convocatoria de axudas económicas destinadas ao fomento do emprego de 2015 no marco do Programa local de apoio ao emprego.

Apróbanse as devanditas bases, que contemplan o reparto de 12.400 euros.

URXENCIAS

1. Apróbase o convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo dunha alumna do IES As Fontiñas.
2. Apróbase a ampliación da dotación orzamentaria prevista na convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2015-2016. A partida incrementábase nun 30%, pasando de 130.000 a 169.000 euros.